



I Jornadas em Línguas Minoritárias

Universidade de Aveiro

6 de decembro de 2019

ANÁLISE DA FLEXIÓN VERBAL EN TEXTOS DE ESTUDANTES GALEGOS

María Álvarez de la Granja

Instituto da Lingua Galega-
Universidade de Santiago de
Compostela

Obxectivo

- Analizar a presenza de formas non estándares na conxugación verbal no *Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico* (CORTEGAL)
- Centrarémonos nunha selección de formas diferentes no estándar galego e español
 - Formas con diferenzas acentuais en galego e castelán: copretérito, antepretérito e pospretérito de indicativo
 - Pretérito e presente de subxuntivo de verbos irregulares
 - Formas compostas
 - Infinitivo flexionado



CORTEGAL

Cortegal

- Textos manuscritos redactados en galego por estudantes de segundo de Bacharelato (17-18 anos) da comunidade autónoma galega.
- Redaccións elaboradas como resposta á pregunta número 3 dos exames da materia Lingua e literatura galegas da proba de Avaliación do Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU)
- Nesta pregunta, solicítase que o/a estudante redacte un texto de *ao redor de 200-250* palabras en que reflicta *de forma argumentada a súa opinión* en volta dun tema determinado.
- Os textos seleccionados para esta primeira fase corresponden ás probas de avaliación do curso 2016-2017, tanto da convocatoria de xuño como da de setembro.

Os textos de Cortegal

- Os textos non están identificados co nome da autora ou do autor e os únicos datos dos que temos información son:
 - a convocatoria a que pertence o exame (xuño ou setembro)
 - a cualificación obtida (tanto na pregunta 3 como na proba completa de Lingua e literatura galegas)
 - a comisión delegada a que corresponde o exame

A mostra de Cortegal

- 1000 textos (aproximadamente 10% do total).
- O número de textos da mostra por **comisión** delegada e **convocatoria** é proporcional á cifra total de exames atribuídos a cada comisión en cada convocatoria.

Transcripción dos textos

- Neste momento todos os textos están transcritos na plataforma TEITOK, con conservación das formas riscadas e con indicación das formas engadidas

Co cal, o propósito do consumismo é producir para outras persoas, e así consomer bens de tódalas persoas sen ter que ~~h~~ limitarnos a un solo. Isto lévase facendo dende fai moito, pero na nosa sociedade actual volveuse algo xa irreversible. Para ~~acadar~~ conseguir teléfonos móbiles, sanidade moderna, etc. debes elaborar moitos bens e facer iso desde cero non ta ao alcance de ningunha persoa. Por eso, a sociedade ~~parte~~ necesita de varias persoas producindo para que todos poidamos consumir delas.

E o que consumamos, depende do que producimos, debido ao sistema capitalista. A produción goberna as nosas vidas, se non producimos o suficiente, por exemplo nos despiden do traballo; teremos que renunciar a ser consumidores, quedaremos sen casa, coche, etc.

En conclusión, o consumismo é tan importante hoxe en[...]~~o~~ día para levar unha vida cómoda e eficiente como ~~arrsi~~ arriscada pode chegar a ser ~~se a súa total abstención~~. ~~Consumer Consumer~~ **Consumir** ten que levarse acabo de forma axeitada aos medios de produción de cada un e a sociedade parece avanzar basándose neste sistema desde que se implantou.



Metodología de trabajo

Buscas nos textos

- Os textos aínda non están lematizados nin anotados en TEITOK, de modo que realizamos as buscas a través da ferramenta AntConc 3.5.8. De acordo con esta ferramenta o corpus ten algo máis de 230.000 palabras (aínda que neste cómputo se inclúen as formas riscadas).

AntConc 3.5.8 (Windows) 2019

File Global Settings Tool Preferences Help

Concordance Concordance Plot File View Clusters/N-Grams Collocates Word List Keyword List

Corpus Files

- CORT_0001.txt
- CORT_0002.txt
- CORT_0003.txt
- CORT_0004.txt
- CORT_0005.txt
- CORT_0006.txt
- CORT_0007.txt
- CORT_0008.txt
- CORT_0009.txt
- CORT_0010.txt
- CORT_0011.txt
- CORT_0012.txt
- CORT_0013.txt
- CORT_0014.txt
- CORT_0015.txt
- CORT_0016.txt
- CORT_0017.txt
- CORT_0018.txt
- CORT_0019.txt
- CORT_0020.txt
- CORT_0021.txt
- CORT_0022.txt
- CORT_0023.txt
- CORT_0024.txt
- CORT_0025.txt

Total No. 1000

Files Processed

Concordance Hits 36

| Hit | KWIC | File |
|-----|---|------------|
| 23 | indo? Non importa <lb/>o que sea o que se produza, tanto <lb/> | CORT_0085. |
| 24 | que o que comensal <lb/>coma sea para darlle sabor ao padal, n | CORT_0334. |
| 25 | ocupación que a atención nunca sea para os <lb id="e-16"/>ca n | CORT_0936. |
| 26 | les <lb/>pola falta de tempo xa sea polos fillos ou polo traballo | CORT_0251. |
| 27 | acuden a <lb/>restaurantes, xa sea porque poden permi< | CORT_0197. |
| 28 | />sacar o máximo beneficio, xa sea producindo caro e vendend | CORT_0495. |
| 29 | s se non se toman medidas que sean responsables co <lb/>med | CORT_0361. |
| 30 | e productos galegos, e que non sea só co<lb/>mida senón tamé | CORT_0456. |
| 31 | est este fenómeno sea un cambio <lb/>cultural, pe | CORT_0073. |
| 32 | p/>isto pode <unclear>o sea</unclear> <add>é< | CORT_0636. |
| 33 | dos aínda que o seu prato <lb/>sea unha maravilla. Nisto, como | CORT_0031. |
| 34 | .</p> <p>Eu non creo que isto sea unha moda pasaxeira xa que | CORT_0636. |
| 35 | en xogar ao fútbol porque <lb/>sea unha pasión senón por gana | CORT_0989. |
| 36 | pode <lb/>pretender que todos seamos "Ángeles <lb/>Carrocec | CORT_0963. |

Search Term Words Case Regex

Search Window Size 50

Advanced

Start Stop Sort Show Every Nth Row 1

Kwic Sort

Level 1 1R Level 2 2R Level 3 3R

Clone Results

Buscas nos textos

- Filtramos manualmente os resultados obtidos con cada busca
- Ofrecemos datos sobre número de informantes, non sobre número de palabras

AntConc 3.5.8 (Windows) 2019

File Global Settings Tool Preferences Help

Concordance Concordance Plot File View Clusters/N-Grams Collocates Word List Keyword List

Corpus Files

- CORT_0001.txt
- CORT_0002.txt
- CORT_0003.txt
- CORT_0004.txt
- CORT_0005.txt
- CORT_0006.txt
- CORT_0007.txt
- CORT_0008.txt
- CORT_0009.txt
- CORT_0010.txt
- CORT_0011.txt
- CORT_0012.txt
- CORT_0013.txt
- CORT_0014.txt
- CORT_0015.txt
- CORT_0016.txt
- CORT_0017.txt
- CORT_0018.txt
- CORT_0019.txt
- CORT_0020.txt
- CORT_0021.txt
- CORT_0022.txt
- CORT_0023.txt
- CORT_0024.txt
- CORT_0025.txt

Total No. 1000

Files Processed

Concordance Hits 36

| Hit | KWIC | File |
|-----|---|------------|
| 23 | indo? Non importa <lb/>o que sea o que se produza, tanto <lb/> | CORT_0085. |
| 24 | que o que comensal <lb/>coma sea para darlle sabor ao padal, n | CORT_0334. |
| 25 | ocupación que a atención nunca sea para os <lb id="e-16"/>ca n | CORT_0936. |
| 26 | les <lb/>pola falta de tempo xa sea polos fillos ou polo traballo | CORT_0251. |
| 27 | acuden a <lb/>restaurantes, xa sea porque poden permi< | CORT_0197. |
| 28 | />sacar o máximo beneficio, xa sea producindo caro e vendend | CORT_0495. |
| 29 | s se non se toman medidas que sean responsables co <lb/>med | CORT_0361. |
| 30 | e productos galegos, e que non sea só co<lb/>mida senón tamé | CORT_0456. |
| 31 | est este fenómeno sea un cambio <lb/>cultural, pe | CORT_0073. |
| 32 | p/>isto pode <unclear>o sea</unclear> <add>é< | CORT_0636. |
| 33 | dos aínda que o seu prato <lb/>sea unha maravilla. Nisto, como | CORT_0031. |
| 34 | .</p> <p>Eu non creo que isto sea unha moda pasaxeira xa que | CORT_0636. |
| 35 | en xogar ao fútbol porque <lb/>sea unha pasión senón por gana | CORT_0989. |
| 36 | pode <lb/>pretender que todos seamos "Ángeles <lb/>Carrocec | CORT_0963. |

Search Term Words Case Regex

Search Window Size 50

Advanced

Start Stop Sort Show Every Nth Row 1

Kwic Sort

Level 1 1R Level 2 2R Level 3 3R

Clone Results



Algúns datos sobre a flexión verbal no galego

A flexión verbal no galego popular

- No galego popular, concretamente na conxugación verbal, existen bastantes formas non coincidentes co estándar.

Presente de subxuntivo do verbo *ser*:

galego estándar *sexa* vs. galego popular *sea, seña, sía, sexa*

- Algunhas destas formas coinciden co castelán (*sea*), con independencia de que aparecesen no galego por transferencia do español ou porque se xeraron no propio galego.
- En calquera caso, a extensión dalgunhas destas formas probablemente se poida explicar pola coincidencia co español

Formas non estándares coincidentes co español e presentes no galego popular

- *Sea (éramos, tuvo...)* nos textos de CORTEGAL:
 - Falante habitual de galego que emprega a forma propia da súa variedade
 - Estudante que non é falante habitual de galego e introduce a forma por interferencia do español
- En calquera dos dous casos, existe unha inadecuación á variedade estándar que deben empregar nas probas, ben sexa:
 - por descoñecemento da forma estándar
 - por cruzamento puntual coa forma que empregan normalmente



Resultados obtidos

Diferenzas acentuais

Copretérito

- Gal. est.: amabamos, comiamos, partiamos
- Esp.: amábamos, comíamos, partíamos

Antepretérito


- Gal. est.: amaramos, comeramos, partiramos
- Esp.: amáramos, comiéramos, partiéramos

Pospretérito

- Gal. est.: amariamamos, comeriamamos, partiriamamos
- Esp.: amaríamos, comeríamos, partiríamos

Copretérito


■ Grave ■ Esdrújula



| | |
|---------|----|
| Grave | 15 |
| Esdrúj. | 10 |

Pospretérito


■ Grave ■ Esdrújula



| | |
|---------|----|
| Grave | 46 |
| Esdrúj. | 85 |

Antepretérito

■ Grave ■ Esdrújula



| | |
|---------|---|
| Grave | 5 |
| Esdrúj. | 3 |

Pospretérito

- Forma grave / estándar: non hai exemplos en **5 comisións delegadas**. En todas esas comisións recóllense exemplos da forma esdrúxula.
- Todas elas son comisións delegadas que recollen centros educativos de zonas onde a pronuncia é *cantaríamos* (forma esdrúxula).



Distribución dialectal das formas paroxítonas e proparoxítonas no galego popular (Fonte: Fernández Rei 1990) (datos tirados do ALGa)

Pospretérito

- Forma esdrúxula / non estándar: non hai exemplos en **1 comisión delegada** (a menos representada no corpus, con 11 exames). Nesta comisión situada en zona de pronuncia estándar, recóllense exemplos da forma grave.



Distribución dialectal das formas paroxítonas e proparoxítonas (Fonte: Fernández Rei 1990: 86)

Pretéritos irregulares

ESTAR

- **Estiv-**: 100%
- **Estuv-**: 0% (coincidente co castelán e a máis estendida no gal. popular)

DAR

- **De-** (*demos, deran...*): 100%
- **Di-** (*dimos, diran*): 0% (coincidente parcialmente co castelán e empregada no norte e nordeste ca Coruña, no Salnés en puntos de Ourense)

Pretéritos irregulares


HABER

- **Houb-**: 100%
- **Hub-**: 0% (coincidente co castelán e presente no sur e suroeste de Pontevedra)

TRAER

- **Troux-**: 100%
- **Trougu-, trui-, trux-** etc.: 0% (distintos puntos de Galicia)
- **Trax-**: 0% (castelán *traj-*. hai un exemplo de *atraxo*, galego estándar *atraeu*)

Pretérito de *poder*



| | |
|--------------|----|
| puid- | 14 |
| poid- | 4 |
| pod- | 1 |

Non hai exemplos de *pud-*, forma coincidente co español e característica de Pontevedra, metade da Coruña e a maior parte de Ourense


Pretérito de *ter* e derivados



| | |
|------|----|
| tiv- | 66 |
| tuv- | 2 |

No galego popular o radical *tuv-* aparece por todo o territorio


3ª persoa do pretérito do verbo *dar*



| | |
|-----|----|
| deu | 24 |
| dou | 2 |

No galego popular a forma *dou* é a máis frecuente. Os dous exemplos de *dou* son proporcionados por informantes correspondentes a zonas xeográficas en que se emprega esta forma. Non hai exemplos de *diu* en CORTEGAL.


Presente de subjuntivo do verbo *dar*



| | |
|------|----|
| dea- | 5 |
| dé- | 17 |

A forma *de-*, minoritaria nos dados do ALGa, é a maioritaria en CORTEGAL e aparece nas catro provincias.

Presente de subxuntivo do verbo *estar*




| | |
|--------|----|
| estea- | 21 |
| esté- | 43 |
| esteñ- | 1 |

A forma *esté-*, minoritaria nos datos do ALGa, é maioritaria en CORTEGAL e aparece nas catro provincias.

Presente de subxuntivo de *saber*

Presente de subxuntivo de *saber*


■ saiba- ■ sepa-



| | |
|--------|----|
| saiba- | 3 |
| sepa- | 13 |

No galego popular a forma máis frecuente é *sepa*. Non hai exemplos de *saba*.


Presente de subxuntivo do verbo *ser*



| | |
|--------------|-----|
| <i>sexa-</i> | 311 |
| <i>sea-</i> | 32 |
| <i>seña-</i> | 2 |

A forma *sexa-*, escasamente presente no galego popular, é a forma maioritaria

Presente de subxuntivo do verbo *poder*



| | |
|--------|----|
| poida- | 81 |
| poda- | 29 |


En CORTEGAL a forma *poda* aparece por toda Galicia (no galego popular, de acordo co ALGa, aparece nunha zona compacta e esporadicamente por todo o territorio). Non hai exemplos de *podia*

Formas compostas

- **Ha:** 14 estudiantes (*ha chegado, ha nacido, a dado, hemos visto, han cambiado...*).
- **Había:** 1 estudiante (*habían sido recoñecidas*)
- **Houbese, houbera:** 3 estudiantes (*houbese comprado, houberamos dito, houberan probado*).
- **Habería:** 4 estudiantes (*habería afetado, haberíase decantado...*)
- **Haber :** 3 estudiantes (*haber dito, haber existido, haber traballado*)

Infinitivo flexionado

- 55 exemplos proporcionados por 41 estudantes (4,1%).
- 8 exemplos (14,54%) proporcionados por 8 estudantes diferentes con selección inadecuada da persoa



| | |
|--------------------|-----|
| Usa inf. flex. | 41 |
| Non usa inf. flex. | 959 |

Infinitivo flexionado

- Os fillos encóntranse nunha etapa vital crítica onde tratan buscar quenes son e qué queren ser, chegando a ser incomprensibles en ocasións. Pensan que teñen unha maior madurez só por **chegares** á adolescencia, pero en realidade é unha fase de cambio e capricho.

CONCLUSIÓN

- En xeral, as/os estudantes coñecen e usan maioritariamente as formas verbais estándares galegas.
- Non é estraño atopar estudantes que empregan no mesmo texto formas estándares e non estándares: *esté e estea, poda e poida, sobre todo sea e sexa*.
- Son minoritarias as formas verbais empregadas que non teñen uso no galego estándar ou no galego popular (*podeu, ha chegado*).
- Son tamén minoritarias as formas verbais dialectais que non coinciden nin co galego estándar nin co español (*esteña, seña...*).

CONCLUSIÓN

- Formas estándares de máis difícil implantación:
 - Acentuación paroxítona no antepretérito, copretérito e sobre todo no pospretérito.
 - Presente de subxuntivo do verbo *dar, estar e saber*.
- Neses casos predomina ou é especialmente frecuente unha forma non estándar coincidente co español e existente no galego popular (*comeríamos, dé, esté, sepa*)

A cualquiera que **estea** de acuerdo con proteger el medio ambiente: Evitar que el proyecto de la mina de Corcoesto siga adelante. Por favor, FIRMAD!




Petición cerrada

Esta petición ha conseguido 206 firmas



A cualquiera que estea de acuerdo con proteger el medio ambiente:...

 [Compartir en Facebook](#)

 [Envía un mensaje en Facebook](#)

 [Envía un email para amigos](#)

 [Compártela en Twitter](#)

SE REGALA GATA

☰ Venta de **gatos** en Lugo

📍 Lugo

Hola se regala gata domestica es muy buena y cariñosa y un garito que tiene 5 meses mas o menos anaranjado. No los puedo atender por enfermedad personal. Busco persona que le **dea** cariño y los cuide como ellos se merece. Mas información por privado, solo whatsapp gracias.

Particular

CONCLUSIÓN

- Escasísimo uso do infinitivo flexionado e presenza de usos inadecuados relativamente alta.



OBRIQADA!!!